

Formando opositores desde 2004

Tema 5

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado de Educación Primaria. Características, estratexias, técnicas e instrumentos de avaliación. Promoción e plans específicos de reforzo.



2016-2017
Ed. Primaria

ÍNDICE

0.- INTRODUCCIÓN.

1.- A AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

1.1.- Concepto de avaliación.

1.2.- Funcións da avaliación.

1.3.- Principios da avaliación.

1.4.- Avaliación dos procesos de aprendizaxe: Que, como e cando avaliar.

1.4.1.- Que avaliar.

1.4.2.- Cando avaliar.

1.4.3.- Como avaliar.

1.5.- Marco legal.

1.6.- Avaliación do alumnado con NEAE.

1.7.- Avaliación individualizada.

2.- CARACTERÍSTICAS, ESTRATEXIAS, TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

2.1.- Características da avaliación.

2.2.- Estratexias da avaliación.

2.3.- Técnicas e instrumentos de avaliación.

3.- PROMOCIÓN E PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO.

3.1.- A promoción na Educación Primaria.

3.2.- Plans específicos de reforzo.

4.- CONCLUSIÓN.

5.- BIBLIOGRAFÍA.

0.

INTRODUCCIÓN

Ao falar de avaliación pensamos instintivamente en cualificación, nas notas finais, en aprobar ou suspender, en inquietudes e controversias entre o alumnado, as familias e o profesorado. Deste xeito, identificamos a avaliación cun elemento sancionador, e a nota final como o fin do proceso de ensino-aprendizaxe. Así, a avaliación cumpre unha **función social e informativa**. Pero a avaliación vai máis alá; non acaba coa recollida e a comunicación da información. Esa información debe servir para continuar o proceso, adaptalo e ofrecer as axudas precisas para alcanzar resultados satisfactorios. Polo tanto, ademais da función social, cumprirá unha **función pedagóxica e formativa**.

Un dos **principios** nos que se inspiraba a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), é "a avaliación *do conxunto do sistema educativo, tanto na súa programación, organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos resultados*". Esta referencia dá unha idea da importancia do proceso avaliador como medio para a mellora da calidade do sistema educativo e da práctica docente.

Tamén se atopan aquí varios aspectos da avaliación:

- ⇒ Fai referencia ao conxunto do sistema educativo (e, polo tanto, aos seus diversos elementos).
- ⇒ Enfócase aos resultados, pero tamén a todo o proceso, tanto de ensino (do profesorado), coma de aprendizaxe (do alumnado).

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), pola súa banda, dá grande importancia, no proceso da avaliación, aos **resultados do alumno/a**, tendo como un dos seus obxectivos mellorar os resultados en probas internacionais. Para conseguilo, inclúe dúas avaliacións individualizadas na etapa: en 3º e 6º cursos de Educación Primaria.

Así, o desenvolvemento do tema céntrase por completo na **avaliación**, tratando diversos aspectos no primeiro apartado (definición, funcións, principios, marco legal, avaliación individualizada...), pasando no segundo ás características, estratexias e técnicas/instrumentos desta. Xa no terceiro apartado se fala da promoción en Educación Primaria (por un lado) e dos plans específicos de reforzo (por outro). Finalmente, dáse unha conclusión e a bibliografía usada para a elaboración do tema.

1.

A AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1.1.- CONCEPTO DE AVALIACIÓN.

A avaliación educativa ten múltiples definicións, que se modificaron ao longo do tempo, a medida que se aumentaron os elementos a avaliar no proceso educativo.

Ao principio, a avaliación centrábase só nos resultados do alumno/a; na actualidade abrangue todo o proceso de ensino-aprendizaxe, chegando a realizarse unha avaliación do propio sistema de avaliación, o que se coñece como metaavaliación. Algunhas **definicións** son:

- **MACCARIO** (1989): *"Avaliación é o acto que consiste en emitir un xuízo de valor, a partir dun conxunto de informacións sobre a evolución ou os resultados dun alumno, co fin de tomar unha decisión"*.
- **LAGARDERA** (1999): *"Mecanismo de recollida de información que unha vez valorada debe servir para tomar determinadas decisións"*.
- **VILLADA** (2008): *"A avaliación é un proceso mediante o cal se valoran capacidades, competencias e desempeños no ser humano nun contexto determinado"*.

Segundo **ÁNGEL DÍAZ BARRIGA** (1994), a definición de "avaliación educativa" responde á idea de control, tanto cara ao estudante como cara ao docente, o plan de estudos e a institución educativa.

Esta forma de entender a avaliación implica **tres tarefas** básicas:

- ❖ Recoller información sobre as situacións a avaliar. Unha pretensión fundamental da avaliación é conseguir informacións pertinentes para coñecer a eficacia da acción.
- ❖ Realizar xuízos de valor apoiados nos datos obtidos e nas metas previamente seleccionadas.
- ❖ Orientar e reconducir a acción didáctica e os procesos de aprendizaxe individuais.

1.2.- FUNCIONS DA AVALIACIÓN.

Algunhas das funcións que se lle atribúen á avaliación son:

- **Identificación** das capacidades e habilidades, de maneira que poidan potenciarse.

- **Información** sobre a reacción fronte á materia, relación cos compañeiros/as e, dentro do proceso educativo, como unha fonte de retroalimentación.
- **Diagnóstico**, onde se ven as posibles deficiencias e ata que punto se lograron os prognósticos iniciais previstos.
- **Orientación**, a partir do diagnóstico de dificultades ou capacidades potenciais, para futuras eleccións.
- **Motivación**, que anime ao alumno/a ser consciente da súa propia mellora e dos seus progresos.

1.3.- PRINCIPIOS DA AVALIACIÓN.

DOMINGO BLÁZQUEZ (1999) establece 4 principios importantes para garantir a eficacia da avaliación:

- **Sistemática:** O sistemático oponse ao desordenado ou improvisado, e implica relación coas demais partes do proceso. Así, a avaliación estará planificada en todas as súas partes: programación, aplicación, rexistro e utilización dos datos. Debe formar parte da planificación xeral do centro e da particular do curso e área.
- **Integrada no proceso educativo:** A avaliación é unha fase do propio proceso de ensino-aprendizaxe. É importante darlle un carácter pedagóxico, descargando o seu carácter sancionador; avaliarase continuamente, analizando o quefacer diario e apreciando o progreso do alumno/a, de forma que este se converta no medio principal da avaliación. Aínda que tamén haberá que aplicar algunha proba específica.
- **Atendendo ás diferenzas individuais:** Débese personalizar, atendendo ás particularidades de cada individuo, e non masificar ou uniformar, o que suporía formular as mesmas esixencias a todo o alumnado. Ao programar, determinarase un programa esixible para todos os alumnos/as, pero hai que ter en conta que tamén existen nenos/as ben dotados/as, cunhas capacidades que non se poden desaproveitar. Para eles/as prepararanse "programas de ampliación".
- **Utilizando distintos instrumentos de avaliación:** A utilización dos instrumentos depende da aprendizaxe a avaliar; ningún deles permite unha avaliación completa, e por isto faise necesario o uso harmónico e completo de varios. O fundamental é adaptarse ao que se pretende avaliar.

1.4.- AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE APRENDIZAXE: QUE, CANDO E COMO AVALIAR.

1.4.1.- Que avaliar

O artigo 12 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o artigo 2.3 da Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na comunidade autónoma de Galicia, din que se avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que se establecerán **indicadores de logro** nas programacións docentes.

Centrándose no proceso de aprendizaxe, os elementos a avaliar polo docente serían as **competencias clave, os criterios de avaliación e os contidos**. Para a avaliación destes elementos curriculares, usaranse como referentes os **estándares de aprendizaxe avaliáveis**, que son unha concreción dos criterios de avaliación. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado.

Segundo o Decreto 105/2014 e a Orde do 9 de xuño de 2016, para conseguir a **promoción** de curso/etapa, o alumno/a debe lograr os obxectivos do curso ou etapa e alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

1.4.2.- Cando avaliar

Distínguense tres momentos (segundo a terminoloxía de ZABALA, 1995) e, polo tanto, tres tipos de avaliación: inicial, continua e final:

- **Avaliación inicial:** Ten como finalidade coñecer cal é o punto de partida; é dicir, os coñecementos previos. Estes coñecementos permitirán programar e realizar unha intervención axeitada. Realízase unha avaliación inicial nos seguintes casos:
 - Ao principio de cada curso.
 - Cando un alumno/a chega doutro centro ou do estranxeiro.
 - Cada vez que se comeza unha nova aprendizaxe.

Tal e como establece o artigo 4.3 da Orde do 9 de xuño de 2016, "*durante o primeiro mes de cada curso escolar, a persoa titora realizará unha **avaliación inicial** coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave*".

- **Avaliación continua** (formativa, procesual, reguladora): É a que se realiza durante o desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe para localizar as dificultades cando aínda

hai posibilidade de solucionarlas; é dicir, introducir rectificacións no proceso e tomar as decisións pertinentes. De forma continua o mestre/a utilizará as distintas situacións educativas para analizar os progresos e dificultades do alumnado e da súa propia práctica educativa, co fin de axustar a intervención educativa para que se estimule o proceso de ensino/aprendizaxe.

A avaliación formativa ou continua non se baseará unicamente en probas formais, senón que incluírá a observación da actividade e a análise de tarefas diarias.

- **Avaliación final ou sumativa:** En determinados momentos procederáse a realizar unha estimación global do avance de cada alumno/a e da práctica docente. O resultado da avaliación non pode depender desta última fase, senón que será integral, extraéndose da evolución de cada alumno/a e do seu traballo durante o proceso.

A avaliación final ten como obxectivo principal a cualificación do alumnado e a valoración do proceso educativo, do programa desenvolvido, de cara á súa mellora para o período académico seguinte.

Respecto á **avaliación sumativa e formativa**, hai que destacar a SCRIVEN, que foi o que propuxo estes dous termos. A súa concepción de avaliación ten moitos puntos en común coas orientacións para a avaliación que prescribe o currículo de Educación Primaria.

1.4.3.- Como avaliar

Calquera valoración se fai sempre comparando o obxecto de avaliación (o alumno/a) cun patrón ou criterio. Destácanse os seguintes tipos de avaliacións:

- ✓ Tipos de avaliación **segundo a referencia:**
 - Avaliación criterial: É o caso no que se compara o progreso do alumno/a con respecto á súa avaliación inicial.
 - Avaliación normativa: O referente de comparación para o alumno/a é o nivel xeral dun grupo normativo determinado (o grupo-clase, táboas de valores, estatísticas...).
- ✓ Tipos de avaliación **segundo a súa extensión:**
 - Avaliación global: Pretende abranguer un conxunto; por exemplo, ao contemplar a evolución en todos os aspectos da personalidade ou no conxunto de todas as áreas do currículo.
 - Avaliación parcial: Estuda determinados compoñentes ou dimensións da totalidade (rendemento nun aspecto concreto da personalidade, dun elemento do currículo en particular...).
- ✓ Tipos de avaliación **segundo os distintos axentes avaliadores:**
 - Avaliación interna: Aquela que é levada a cabo polos participantes no proceso que se avalía. Presenta diversas alternativas na súa realización:

- Heteroavaliación: O avaliador e o avaliado non coinciden.
 - Autoavaliación: O avaliador e o avaliado son a mesma persoa.
 - Coavaliación: Uns suxeitos ou grupos aválíanse mutuamente e intercambian o seu papel alternativamente.
- **Avaliación externa:** Prodúcese cando os axentes avaliadores non participaron no proceso de ensino-aprendizaxe (probos estatais, empresas de avaliación...).

Tanto na LOE-LOMCE (artigo 20º) como no Decreto 105/2014 (artigo 12) e na Orde do 9 de xuño de 2016 (artigo 2.2), dícese que na avaliación se terá en conta o **progreso do alumno/a no conxunto das áreas**. Recordando as clasificacións anteriores, poderíase definir o proceso de avaliación da aprendizaxe en Educación Primaria como unha avaliación criterial (ten en conta o progreso do alumno/a), global (considéranse todas áreas) e interna (realízase no centro educativo), nas súas distintas modalidades: heteroavaliación, autoavaliación e coavaliación.

"Para axudar ao alumno importa máis ensinarlle ata onde o conduciron os seus esforzos no proceso de aprendizaxe, que o lugar que ocupa con relación aos seus compañeiros ou unha escala".
(G. DE LANDSHEERE).

1.5.- MARCO LEGAL.

Malia que a avaliación aparece formulada na LOE-LOMCE e, a nivel autonómico, no Decreto 105/2014, é na **Orde de 9 de xuño de 2016**, pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa Educación Primaria en Galicia, a que concreta máis os aspectos da avaliación. Destácase:

- **Carácter:** Será global e continua, e terá en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.
- **Referentes da avaliación:** Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos de etapa son os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe do currículo.
- **Sesións de avaliación:** O titor/a coordinará as sesións de avaliación, para valorar o desenvolvemento do alumnado, a súa aprendizaxe, práctica do profesorado e aqueles aspectos relevantes.
- **Cualificacións:**
 - Expresaranse: Insuficiente (IN: de 1 a 4 puntos), suficiente (SU: 5), ben (BE: 6), notable (NT: 7-8) e sobresaínte (SB: 9-10 puntos).
 - As competencias clave tamén se avaliarán con IN - SU - BE - NT - SB.
 - O alumnado cun rendemento excelente nunha ou varias áreas pode ter **Mención Honorífica**.

- **Avaliación da práctica docente:** Nas sesións de avaliación o profesorado avaliará os procesos de ensino e a súa práctica docente en relación co alumnado, o logro dos obxectivos de etapa e o desenvolvemento das competencias clave.
- **Obxectividade da avaliación:** Informarase ás familias sobre os contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, estratexias e instrumentos, criterios de cualificación e promoción. O titor/a informará por escrito a pais/nais da evolución académica do alumnado, unha vez finalizadas as sesións de avaliación (trimestralmente).
- **Documentos oficiais de avaliación:**
 - Expediente académico: Inclúe a información relativa ao proceso de avaliación e á escolarización de cada alumno/a.
 - Actas de avaliación: Comprenden a relación nominal do alumnado que compón o grupo, xunto cos resultados da avaliación e as decisións sobre promoción e permanencia.
 - Historial académico: Reflicte os resultados das avaliacións e as decisións relativas ao progreso académico do alumno/a ao longo da etapa.
 - Informe persoal por traslado: Ten como finalidade garantir a continuidade do proceso de aprendizaxe do alumnado que se traslada a outro centro sen rematar o curso.
 - Documentos de avaliación de final de etapa e de terceiro curso de Educación Primaria.
 - Informe académico do nivel obtido na avaliación de final de etapa.

1.6.- AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON NEAE.

A LOE dedica o seu Título II á equidade na educación; dentro deste, no capítulo I trátase o alumnado con necesidade específica de apoio educativo. A LOMCE reforma e amplía este capítulo da LOE. O **Decreto 105/2014**, no seu artigo 16, reflicte estas novidades da LOMCE, definindo o alumnado con NEAE como aquel que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar: necesidades educativas especiais (nee), dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, incorporación tardía no sistema educativo español ou condicións persoais ou de historia escolar. A continuación detállanse algúns destes tipos de NEAE.

- **Alumnos/as que presentan necesidades educativas especiais:** Requiren, por un período da súa escolarización ou ao longo dela, apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta. No caso de que algún alumno/a teña unha adaptación curricular significativa (ACS), os criterios de avaliación establecidos nela serán o referente fundamental para a súa avaliación e promoción (artigo 7.2 da Orde do 9 de xuño de 2016).

- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais: Serán obxecto dunha atención específica, adoptando as medidas necesarias para identificar e avaliar de forma temperá as súas necesidades e para a súa escolarización. En Galicia, a Orde do 28 de outubro de 1996 regula a flexibilización do período de escolarización obrigatoria do alumnado con sobredotación intelectual. Con este alumnado pódese realizar unha adaptación curricular de ampliación.

O Decreto 105/2014 amplía estas disposicións, e establece que lle corresponde adoptar á consellaría competente en materia de educación, plans de actuación e programas de enriquecemento curricular axeitados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais.

- Alumnos/as con integración tardía no sistema educativo español: Realizarase unha avaliación inicial ao inicio da súa escolarización. No caso de presentar descoñecemento das linguas oficiais da nosa comunidade, desfase curricular de dous cursos ou máis, ou problemas de adaptación por razóns sociais ou culturais adoptaranse as medidas recollidas na Orde de 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen medidas de atención específica para o alumnado procedente do estranxeiro.
- Outras dificultades entre o alumnado: Na definición de NEAE que dá a LOE inclúense tamén "condicións persoais ou de historia escolar" e as "dificultades específicas de aprendizaxe", que son aquelas perturbacións do progreso do alumnado, pola falta de habilidade no acceso ás aprendizaxes escolares, que non poden explicarse directamente pola presenza de déficits motores, sensoriais, intelectuais, nin por perturbacións emocionais.

A LOMCE, ademais de engadir tamén o TDAH dentro da definición de NEAE, inclúe no título II, capítulo I unha sección 4ª, que regula as medidas de escolarización e atención para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.

A Orde do 9 de xuño de 2016 establece que a avaliación do alumnado con NEAE tomará como referentes os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, podendo adaptar as condicións de realización da avaliación.

1.7.- AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA.

A LOMCE introduce dúas avaliacións individualizadas ao longo de Primaria: en 3º e 6º. No seu artigo 21 (que substitúe ao artigo 21 da LOE), establece que: "*Ao finalizar o sexto curso de Educación Primaria, realizarase unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da*

competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa".

Tanto a LOMCE (artigo 20), como o Decreto 105/2014 (artigo 12) din que: *"Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas **a finalizar o terceiro curso de Educación Primaria**, segundo dispoña a Consellaría con competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática. De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas".*

As avaliacións individualizadas de 3º e 6º teñen especial importancia xa que, como se recolle no artigo 13 do Decreto 105/2014 e o artigo 6.2 da Orde do 9 de xuño de 2016, atenderase especialmente aos seus resultados para decidir sobre a promoción do alumnado.

A aplicación destas avaliacións en Galicia axustarase ao regulado pola Resolución do 18 de abril de 2016, que dita instrucións para o desenvolvemento da avaliación individualizada de terceiro curso de Educación Primaria e da avaliación final de Educación Primaria nos centros de Galicia, no curso 2015/16.

2.

CARACTERÍSTICAS, ESTRATEXIAS, TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

2.1.- CARACTERÍSTICAS DE LA AVALIACIÓN.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, segundo o Decreto 105/2014 e a Orde do 9 de xuño de 2016 será **continua e global**.

Ademais desta caracterización no currículo oficial e dos principios dos que se falou anteriormente, apúntanse outras características que debe ter a avaliación:

- Contextual: Terá en conta as particularidades do contexto.
- Participativa e democrática: Integra os distintos axentes no proceso.
- Técnica, obxectiva e imparcial: Usará métodos e instrumentos obxectivos.
- Clara e precisa: Deixando claros as aprendizaxes básicas e a forma de constatalos.
- Compartida: Levarase a cabo en equipo, coordinadamente.

2.2.- ESTRATEXIAS DA AVALIACIÓN.

Basicamente enténdese a avaliación como un mecanismo destinado a proporcionar unha información significativa e continuada acerca do proceso de ensino-aprendizaxe, de modo que permita unha valoración orientada á regulación e á mellora. Esta perspectiva supón a definición dunha **estratexia global e sistemática**, non improvisada. As estratexias para avaliar o proceso de aprendizaxe caracterízanse por asumir as seguintes **consideracións**:

- Dende o punto de vista da súa extensión global, inclúe unha avaliación inicial, procesual e final. Trátase dunha avaliación metodoloxicamente mixta (avaliación cuantitativa e cualitativa).
- Interna (desenvolvida por todos os implicados no proceso) e externa, xa que se implica a Administración educativa nas avaliacións individualizadas desenvolvidas na etapa.
- Participativa: O consenso en todos estes aspectos básicos marcará a estratexia avaliadora do equipo docente.

2.3.- TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Algunhas técnicas e instrumentos para a recollida e rexistro de datos son as seguintes:

- ⇒ **Observación sistemática.** A técnica de observación directa, continuada e sistemática da actividade educativa é un procedemento básico para a obtención de información para avaliar.
- Algúns dos instrumentos para rexistrar o observado son as listas de control (que inclúen condutas observables para anotar se se presentan ou non) ou escalas de observación (inclúen condutas observables que deben ser valoradas), anecdóticos (recollen feitos illados), diarios de clase (recóllense os datos máis sobresaíntes do desenvolvemento das clases) ou as rúbricas (establecen unha puntuación baseándose no cumprimento de certos parámetros).
- ⇒ **Entrevista.** CASANOVA (1993) defínea como unha conversación intencional. É de dous tipos:
- Formal ou previamente preparada polo entrevistador/a. Á súa vez cabería distinguir entre estruturada, semiestruturada e libre ou aberta.
 - Informal ou sen preparación previa. Nela o entrevistador/a, nunha situación de encontro espontáneo, recolle información relevante.
- ⇒ **Técnicas de probas.** Hai dous tipos de instrumentos: exames e probas obxectivas:
- Exames: Os exames permiten aos alumnos/as elaborar as respostas de acordo cos seus coñecementos e estilo persoais. Poden ser orais ou escritos.
 - Probas obxectivas: Unha proba obxectiva é un conxunto de ítems de enunciado breve, aos que lles seguen unha ou máis respostas presentadas a xeito de alternativas. Nas probas obxectivas o alumno/a non elabora respostas, senón que se identifica coas solucións propostas; discrimina as opcións correctas, das que non o son.
- ⇒ **Cuestionarios e inventarios:**
- Cuestionarios: Son presentacións escritas nas que o alumno/a anota as súas apreciacións. Preséntanse de forma aberta (pode escribirse o que se queira) ou pechada (quen responde ao cuestionario cinguirase ás respostas que se lle ofrecen).
 - Inventarios: Son un tipo especial de cuestionarios; diferéncianse en que teñen unha presentación máis estandarizada e reiterativa; algúns deles, co tratamento necesario, convértense en tests de personalidade, tests de intereses actitudinais...
- ⇒ **Portafolio.** BARBERÁ (1999) sinala que a avaliación por portafolio ou avaliación por carpetas, consiste nunha colección de traballos dos alumnos/as que busca demostrar, por medio da mellora progresiva, o que son capaces de facer nunha área ou contido específico.
- ⇒ **Caderno de clase do alumno/a.** Este instrumento é válido para valorar de xeito continuado conceptos, procedementos e actitudes. O seguimento dos cadernos supón un bo método para introducir ao alumno/a na autoavaliación.
- ⇒ **Fichas de seguimento.** Poden recoller información variada. Por exemplo, a consecución dos obxectivos, as dificultades e as súas causas, as medidas para resolvelas e os seus resultados...
- ⇒ **Probas sociométricas.** Serven para coñecer a estrutura e funcionamento do grupo en xeral e a situación de cada alumno/a en particular. Por exemplo, un sociograma, no que se ven as relacións entre o alumnado: quen está marxinado/a, illado, quen exerce de líder...

3.

PROMOCIÓN E PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO

3.1.- A PROMOCIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA.

Atendendo ao Decreto 105/2014 e á Orde do 9 de xuño de 2016, a referencia para a promoción de curso/etapa os obxectivos do curso realizado ou os obxectivos de etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes. Tamén se di que se atenderá especialmente aos **resultados** da avaliación individualizada de terceiro e sexto cursos para decidir sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da persoa titora.

O alumnado que non cumpra as condicións anteriores (desenvolvemento das competencias e obxectivos), e por parte do equipo docente tome a decisión da non promoción, permanecerá **un ano máis no mesmo curso**. Esta medida excepcional levarase a cabo unha vez esgotadas o resto de medidas ordinarias de reforzo e apoio e solo poderase adoptar unha vez ao longo de toda a etapa, oídos os pais/nais, e irá acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

O alumnado que **ascenda de curso con algunha área con cualificación negativa** deberá seguir un plan específico de recuperación.

Como se dixo, no caso de alumnado con **adaptacións curriculares** por necesidades educativas especiais, os criterios de avaliación incluídos nas súas adaptacións serán o referente fundamental para a súa avaliación e promoción, como se establece no artigo 7.2 da Orde do 9 de xuño de 2016 e no artigo 16 do Decreto 105/2014.

A escolarización do alumnado con **altas capacidades intelectuais** (regulada pola Orde do 28 de outubro de 1996) flexibilizarase de tal forma que se poida adiantar o inicio da escolarización na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria, sempre que se considere que esta medida é a máis axeitada para o desenvolvemento equilibrado do alumnado e para a súa socialización. En Educación Primaria poderíase reducir un ano a escolarización (avanzar un curso) ou adiantar o inicio da súa escolarización (empezar antes a Educación Primaria). A redución máxima da escolarización obrigatoria será de dous anos, aínda que non se pode aplicar na mesma etapa educativa.

O **Decreto 105/2014** concreta que esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso actual, así como outras medidas.

3.2.- PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO.

Ao falar de plans, diferéncianse dous grandes grupos, segundo sexan organizados pola Administración Educativa ou polos propios centros.

A **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria** propón diversos plans (algúns deles pódense considerar de reforzo), como o Plan LÍA 2016/2020 de Bibliotecas Escolares para Lectura, Información e Aprendizaxe; o Proxecto Abalar (que no curso 2014/15 pon en marcha o proxecto experimental Educación Dixital); o Plan de Potenciación de Linguas Estranxeiras (que inclúe seccións bilingües e centros plurilingües), o plan Proxecta (agrupa proxectos interdisciplinares como alimentación, deporte, medio...

A Resolución do 5 de novembro de 2015 integra algúns plans de reforzo en **contratos-programa**, que inclúen varias actuacións:

1. PROA: Reforzo, orientación e apoio.
2. Mellora das competencias clave.
3. Mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros.
4. Prevención do abandono temperán e do absentismo escolar.
5. Mellora do nivel de coñecementos para alcanzar a excelencia.
6. Mellora da calidade na xestión dos centros.

O Decreto 105/2014 establece **plans específicos de reforzo**. Destácanse os referidos á **avaliación final individualizada de 6º de Primaria**, xa que "*a consellaría con competencias en materia de educación poderá establecer plans específicos de mellora naqueles centros públicos cuns resultados inferiores aos valores que, a tal obxecto, determine*" (art. 12.10).

Respecto á **promoción do alumnado**, xa se comentaron os plans específicos de reforzo ou recuperación e apoio, para quen teña que permanecer un ano máis no mesmo curso. Tamén se trataron os plans específicos de recuperación, para os/as que ascendan con algunha área con cualificación negativa.

A **Orde do 6 de outubro de 1995** regula as adaptacións do currículo das ensinanzas de réxime xeral. Establece que o currículo poderá ser modificado en todos os seus elementos para dar resposta ás diferentes necesidades educativas dos alumnos/as. Dispón así dúas medidas de atención á diversidade: o reforzo educativo (**RE**) e a adaptación curricular significativa (**ACS**):

- ✓ O reforzo educativo: É unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta aos elementos non prescritivos do currículo; é dicir, metodoloxía, organización da aula, agrupamentos, actividades, secuencia de contidos e formas e instrumentos de avaliación. Non necesita autorización para ser levada a cabo.

Será elaborado polo profesor/a de área, co coñecemento do profesor/a titor/a, que o comunicará ao equipo directivo e á familia. Levarase a cabo no contexto ordinario e polo docente que imparte a área, podendo contar coa colaboración doutros profesionais.

- ✓ A adaptación curricular: É unha medida extraordinaria de atención á diversidade, pois supón unha modificación dos elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación). Actualmente suponse que debe modificar contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Ten que ser autorizada pola Inspección Educativa.

Será elaborada polo profesor/a de área, co asesoramento do responsable da orientación educativa do centro ou do Equipo de Orientación Específico e, se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención a devandito alumno/a. Terá unha duración mínima dun ciclo educativo (tendo en conta que coa entrada en vigor da LOMCE desaparecen os ciclos).

O Decreto 105/2014 establece que, se a avaliación individualizada de 3º curso de Primaria fose desfavorable, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados (colectivos ou individuais).

No caso da avaliación individualizada de 6º curso, dependendo dos resultados, aplicaríanse programas de reforzo na ESO.

4.

CONCLUSIONES

5-

BIBLIOGRAFÍA

- BLÁZQUEZ, D. (1999). *Evaluar en Educación Física*. Barcelona: INDE.
- COLL, C.; ONRUBIA, J. (2002). *Evaluar en una escuela para todos*. En *Cuadernos de Pedagogía*, 318. Noviembre.
- DIAZ BARRIGA, A. (1994). *El examen escolar. Siete temas de reflexión*. México: UNAM.
- ESCAMILLA, A.; LLANOS, E. (1995) *La evaluación del proceso de aprendizaje y de enseñanza en el aula*. Madrid: Luis Vives.
- MACCARIO, B. (1989). *Teoría y práctica de la evaluación de las actividades físicas y deportivas*. Buenos Aires: Lidium.
- ZABALA, A. (1995). *La práctica educativa. Como enseñar*. Barcelona: Graó.

LEXISLACIÓN.

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde do 28 de outubro de 1996, que regula a flexibilización da duración da escolarización obrigatoria do alumnado con sobredotación intelectual.
- Resolución do 18 de abril de 2016, por a que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación individualizada de terceiro curso de Educación Primaria e da avaliación final de Educación Primaria nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia, no curso escolar 2015/16.
- Resolución do 5 de novembro de 2015, que regula os contratos-programa para os centros.